

Urximos ao conselleiro a dotar os centros do material de protección axeitado e a poñer en marcha a aplicación EduCovid

A día 14 de setembro xa se coñeceron os primeiros casos de centros afectados polo peche de aulas ou pola reacomodación de alumnado e aínda non funciona a aplicación para o seguimento dos contaxios.

Un dos aspectos que desde o primeiro momento puxo a CIG-Ensino enriba da mesa (nun documento con propostas para o curso 2020/21 presentado o 18 de xuño de 2020) foi a necesidade dun auténtico Plan de Actuación que contase cunha avaliación de riscos de cada centro educativo. Nada diso se fixo. Nun escrito remitido ao conselleiro de Educación, o sindicato maioritario no ensino público galego, vén de manifestarlle ao conselleiro a preocupación “desde a perspectiva da protección fronte á covid-19, para alén das ratios, a falacia das aulas burbulla e os problemas que se poidan derivar dunha deficiente hixiene e desinfección pola negativa a incrementar o persoal de limpeza, entre outros, todo o referido á dotación de material de protección axeitado e ao correcto seguimento de contaxios”.

Canto ao material de protección, o secretario nacional da CIG-Ensino lémbrale a obriga que toda empresa ten de dotar a todo o persoal do centro de máscaras ou calquera EPI necesario, “non só inicialmente como se está facendo, aínda que cun retraso inxustificable, senón en todo momento”. Así o vén de indicar novamente a Inspección de Traballo en resposta a unha denuncia da CIG nas escolas infantís do Consorcio Galego e da Xunta. Así mesmo, continúa o escrito, “é fundamental e unha obriga enviar máscaras FFP2 a todos os centros educativos en cantidade suficiente para uso diario daquel profesorado e outro persoal non docente (persoal coidador, etc..) que, en función do seu posto de traballo, deba usar esas máscaras cun maior grao de protección e non as hixiénicas ou cirúrxicas.



A exposición con alumnado que non usa máscara (mestras de infantil, especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, docentes de conservatorios en instrumentos que impliquen un maior perigo de exposición ás gotículas en suspensión...) non pode ser con estas últimas máscaras que, como sabemos, non protexen a quen as leva do contaxio senón só de contaxiaren aos demais”.

“Entendemos, polo tanto, que a Consellaría de Educación, asesorada pola de Sanidade, debería ter feito, cando menos, unha valoración das diferentes exposicións ao risco do profesorado en función das etapas educativas nas que traballa ou das características do seu posto de traballo. Iso é que o se tería feito mediante unha valoración de riscos como a que demandamos e non se atendeu”, sinala Suso Bermello. En concreto, a CIG-Ensino solicita que se faga, “con carácter xeral e urxente”, unha valoración sobre o uso de máscaras FFP2 ou doutros EPI, de protección superior á máscara convencional.

Con respecto á aplicación Educovid, xusto o día no que se coñecen os primeiros colexios afectados por peches de aulas, desde os centros estanse a recibir numerosas queixas porque aínda non está operativa a aplicación Educovid para o seguimento dos contaxios, polo que se demanda a súa urxente posta en funcionamento.

Por último, ademais de reiterar a nosa solicitude de convocatoria dunha Mesa Sectorial para afrontar

todo o relacionado co caos xerado neste inicio de curso, consideramos que os aspectos técnicos relacionados coa dotación de material de protección axeitado, deberían ser tratados no Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral da Consellaría de Educación, un órgano que debe actualizarse con arranxo aos resultados das últimas eleccións sindicais de 2018 e que non se fixo aínda malia os continuos requirimentos da nosa representación nel.



Concentracións
19 horas

Santiago de Compostela: Praza de Praterías
A Coruña: Praza de Pontevedra.
Arteixo: Concello, Praza Alcalde Ramón Dopico.
Betanzos: Cantón Claudino Pita
Carballo: Praza do Concello, s/n.
Cee: Praza da Muller
Ribeira: Praza do Concello
Ferrol: Edificio da Xunta, Praza Camilo José Cela, s/n.
As Pontes: Praza do Carme
Lugo: Edificio da Xunta, Ronda da Muralla, 70.
Monforte: Praza de España
Ribadeo: Concello. Praza España, 1,
Viveiro: Concello. Praza Maior
Burela: Concello. Rúa Eijo Garay 20
Ourense: Praza Maior.
Verín: Concello. Travesía do Concello, 1,
O Barco de Valdeorras: Concello. Praza do Concello, 2
Pontevedra: Praza da Peregrina
Lalín: Praza de Xaquín Loriga (diante da Biblioteca Municipal).
A Estrada: Praza do Mercado
Vilagarcía de Arousa: Praza de Galiza.
Vigo: MARCO, rúa Príncipe.
Cangas: Concello. Paseo de Castelao, 2
A Guarda: Praza do Reloxo
Ponteareas: Praza Bugallal

#AulasSeguras
#EscolaContraCovid

CI Confederación Intersindical Galega
ensino
STEG
CSIF
erguer
ANEGA
ANPAS
CONFAPA Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos